

Intervención de Xohana Torres na súa recepción do Premio Celanova Casa dos Poetas (2002)

Xohana Torres

Fonte: Manuscrito remitido pola Fundación Curros Enríquez. Transcrición da Comisión de Igualdade do CCG

data: 29/09/2009



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / redaccion@culturagalega.org

Señoras e señores, autoridades, amigos meus:

En todo aquilo que recordamos con amor, a maxia, pasea os espacios e embelece as voces: velaí a fascinación que exerceu sempre en min Ourense, terra eminente dos devanceiros, que espremeron o vértice dos acios e difundiron unha nova sabedoría coral, vivo esplendor do idioma.

Para un xuízo de valor, debo explicar que o río Avia actuou de imantación, como quen bota nel unha áncora ao fondo e, nese pouso, radica boa parte da mitografía da nosa obra poética. O ritual volve hoxe, lasca que irrompe na auga, e multiplica os círculos concéntricos da memoria. Documentación secreta que, por venial ou insignificante que semelle, garda o centro nutriz das nosas reflexións, rexistros notariais, paisaxes de nunca acabar, enmarcadas no interior. E a nena, do mar/ ás viñas, viaxe iniciática, coa revelación dun camiño estreito ata o fonal da horta, franqueado pola ara sacra das columnas de granito/ que sostíñan e bendecían as parras. ¿Sería esa a primeira alameda/ da aventura da infancia?... Un recendo, tamén, misterioso e sacerdotal, de incensario, entre os loureiros romanos e as dalias. E eu, de simple acólito, e Lola, alá vai ao seu alto lugar do púlpito, a voz firme e pausada, como quen dá un aviso—así ardía a vida/ nunha inocente silveira bíblica.

Se cadra Curros nos ensinara entón a procura do lume, manexando o pedernal para conseguir as faíscas, un modo de encontro, co elo perdido de todas as historias.

o poeta foi ímpetu, vizosa partitura, quebrada ás veces. Na rexión do noso pensamento, erguíase, en rebeldía, o castelo de Curros, levantado/ como os dos herexes cátaros, ao dictado dos astros que tanto nos asombran no ceo. Ao fío da noite, a estética

da lúa axustábase aos penedos onde, coa sensibilidade na pel, abrigábase a certeza de ver aparecer o moucho do poeta, e sen temor ningún

Non che teño medo moucho,

moucho, non che teño medo

Eramos xóvenes, inmortais e atravesadas pola literatura.

Coa súa fe no progreso, escoitara Curros a voz dun deus maior na chegada do tren que, como un lóstrego, alamparía coa triste foto, color sepia, onde estaban retratadas as faces da inxustiza, da superstición e do silencio.

Connóvenos habitar hoxe esta Casa, restaurada despois de tantísimos anos de espera. Contaremos nela co alento dun escritor cos pés ben postos no seu país, cuxos pasos soaron sempre firmes, radicais e incorrixibles. Diante da obra de Curros Enríquez ninguén debe ficar indiferente. E así sexa/ *ad perpetuam memoriam*.

Gracias por este premio que me concededes. Gracias polas fermosas palabras, a todas luces inmerecidas.

A cambio, escoitade, unha parte entregada de min, no latexo forte do corazón.